

¡A BESTA! E O REXIONALISMO GALEGO¹

AMELIA SÁNCHEZ PÉREZ
Universidade da Coruña

Palabras chave: *¡A Besta!*, Xan de Masma, novela histórica, rexionalismo e carlismo.

Resumo: *¡A Besta!*, de Xan de Masma, é unha das primeiras novelas longas da historia da literatura galega. Debido á súa publicación ao outro lado do Atlántico (A Habana, 1899) non foi coñecida no mundo cultural galego até o século XX e, quizais, esta escasa difusión explicaría o limitado interese que a obra suscitou entre a crítica e os estudosos da literatura galega. Realizamos un estudo que pretende descubrir o discurso ideolóxico da obra e clarificar o proxecto social, económico e político que o autor quere transmitir a través da historia sentimental. Así, analizamos os elementos que conforman a mensaxe política e ideolóxica de *¡A Besta!* e estudamos como se desenvolven na obra as teorías políticas, sociais e económicas de Alfredo Brañas, isto é, as teorías do Rexionalismo tradicionalista galego.

.....

1. Contexto: o nacemento da prosa galega

É coñecido que a literatura galega renace a mediados do século XIX despois de tres séculos de case inexistencia de textos escritos. Esta literatura galega que renace vaise caracterizar polo predominio case absoluto do xénero lírico sobre o narrativo, así como por estar fortemente ligada aos movementos político-ideolóxicos da época.

Neste sentido, o movemento político galeguista vaise iniciar a mediados do século XIX co Provincialismo (que terá como momento cume o levantamento liberal de Solís de 1846), vai continuar co movemento Rexionalista cara aos anos 1880 e culminará, xa no século XX, co Nacionalismo galego.

Como comentabamos, a literatura galega renace fortemente ligada ao xénero lírico (debido, entre outras causas, á súa doada difusión) e non será até o Rexurdimento pleno

¹ Este artigo, así como a participación no IX Congreso da Associação Internacional de Lusitanistas, foron financiados ao abeiro do Proxecto de Investigación en Narrativa Histórica da Universidade da Coruña.

cando comecen a aparecer textos en prosa en galego. Así, Rosalía de Castro, a grande autora do Rexurdimento galego, escribirán en 1863 o seu *Conto gallego*, a que hai sumar os relatos breves de autores como Valentín Lamas Carvajal. Esta narrativa vaise caracterizar, como xa fixera no seu momento a poesía, pola súa temática popular e por unha forma breve e pouco elaborada, tamén en relación coa tradición oral popular do conto breve.

Así pois, non será até 1880 cando teñamos a considerada primeira novela longa da literatura galega, *Majina ou a filla espúrea*, de Marcial Valladares Núñez. Esta novela, publicada por entregas, axiña será seguida das obras de Antonio López Ferreiro, Luís Otero Pimentel, Francisco Álvarez de Nóvoa ou Heraclio Pérez Placer, os iniciadores da prosa moderna galega.

Neste contexto, aínda que do outro lado do océano Atlántico, será onde naza a novela froito do noso estudo, *¡A Besta!* de Xan de Masma.

2. ¡A Besta!

A novela que é obxecto do noso estudo foi publicada na Habana entre os meses de xaneiro de 1899 e de decembro de 1900 como folletín da revista cultural galega *Follas Novas*.

Neste sentido, debemos mencionar o importante labor de promoción cultural que levou a cabo a emigración galega na illa cubana. Entre este labor cómpre destacar feitos como a promoción da Real Academia Galega, a instauración de símbolos como a bandeira e o himno galegos, o importante labor de homes como Fontenla Leal ou o labor cultural que levaron a cabo as revistas *A gaita gallega*, *El eco de Galicia* ou a propia *Follas Novas*².

É neste contexto onde debemos situar o autor de *¡A Besta!*. Patricio Valentín Sisto Delgado Luaces (1850-1900) é exiliado a Cuba en 1872, despois de ser feito prisioneiro pola Garda Civil o 11 de outubro dese ano. Patricio Delgado regresa a Madrid durante un breve período (en 1888 é redactor do xornal conservador madrileño *La voz de la patria*), mais morre en Cuba, onde traballa como xornalista, comerciante e comandante de mobilizados. Este periplo vital será o que explique o lugar de publicación da súa única novela.

Como xa mencionamos, a primeira edición de *¡A Besta!* viu a luz como folletín da revista *Follas Novas*. Esta edición foi publicada en dúas partes:

² A revista *Follas Novas* viu a luz na capital cubana entre os anos 1897 e 1908. Estaba dirixida por Antonio Cea e contribuíu de maneira ostensible á difusión da cultura e da literatura galega na illa. Desta maneira, publicou obras dos grandes autores líricos do século XIX galego e deu á luz por entregas as novelas *A campaña da Caprecórneca* e *¡A Besta!*.

- 1ª parte: comprende os números 87 a 134, publicados entre o 29 de xaneiro e o 24 de decembro de 1899.
- 2ª parte: comprende os números 136 a 187, publicados entre o 7 de xaneiro e o 30 de decembro de 1900.

Esta edición foi practicamente descoñecida na Galiza peninsular, onde a novela non chegou ao público até 1993, en que se publica a edición de Modesto Hermida e Carme Hermida na colección “Narrativa de onte” da Editorial Galaxia.

Esta edición moderna presenta unha novela incompleta, como manifesta Modesto Hermida no estudo introdutorio e baseándose ns comentarios de Carballo Calero na súa *Historia da literatura galega contemporánea*:

"Esta última entrega á que tivemos acceso remata na páxina 390, unha páxina que, ó noso entender, ten que ser das últimas do capítulo IX da segunda parte e, por ende —á marxe dun presunto epílogo insinuado por Ricardo Carballo Calero e que, por razóns estruturais, sería ben coherente coa introducción que coñecemos—, das últimas da propia novela" (Hermida, 1993: 11).

Porén, a pesar de contar cunha nova edición da novela, *¡A Besta!* continúa a ter unha escasa recepción entre o público galego, así como un escaso tratamento crítico (que se limita aos estudos de Carballo Calero dentro da súa *Historia da literatura*, ao estudo de Ramil Díaz e aos traballos de Xesús Alonso Montero e Ruíz Leivas sobre o autor da novela).

De nos centrarmos no argumento da novela, unha primeira lectura superficial leva a afirmar que se trata dunha novela sentimental que ficcionaliza a historia de Pedro e de Pepiña, dous rapaces mindoniense que pertencen a clases sociais diferentes e que deben superar numerosas dificultades para conseguiren estar xuntos.

Esta historia vai ter como pano de fondo un marco histórico ben definido, a época da restauración borbónica. Desta maneira, os feitos localízanse entre os anos 1869 e 1876 (os anos inmediatamente anteriores á escrita e á publicación da obra). Esta localización temporal vai facer que estean presentes na novela feitos como o caciquismo que impera na sociedade rural galega, as loitas entre os liberais e os absolutistas e as guerras carlistas (que se concretan no diario de loita carlista).

No entanto, de realizarmos unha segunda lectura máis pormenorizada, concluímos que *¡A Besta!* é unha novela cun contido fortemente ideolóxico. Neste sentido, observamos unha clara intencionalidade didáctica e moralizante, así como unha mensaxe política e ideolóxica: transmitir as teorías políticas, sociais e económicas do Rexionalismo

tradicionalista galego (que encabeza Alfredo Brañas). En consecuencia, *¡A Besta!* é unha obra literaria histórica e social (segundo a definición de Ferreras, 1980).

Por tanto, a nosa finalidade será definir como se concreta o proxecto social, económico e político-ideolóxico do Rexionalismo tradicionalista galego en *¡A Besta!*.

2.1. O proxecto social de *¡A Besta!*

O proxecto social que contén a novela ten unha clara base, a familia. Neste sentido, o pilar sobre o que se sustenta a sociedade ideal é a familia, mais unha familia que debe unir no seu seo as clases fidalgas e as clases labregas.

Esta unión concrétase no casamento de Pedro, de orixe familiar fidalga, e de Pepiña, filla dun labrego afogado polos trabucos e sumamente pobre. No entanto, o amor que senten o un polo outro terá un efecto rexenerador, quer sobre Pedro (que recupera os valores tradicionais que perdera a súa clase ao se unir cun estrato social popular) quer sobre Pepiña (que adquire a cultura e a educación de que carecía debido á súa orixe social).

“Ligado ós labregos polo seu amor a Pepiña, pensaba sempre e compadeciase sempre da súa sorte infeliz, e proponíase en volvendo á terra, vivir entre eles fuxindo dos pobos e das súas mentiras, pra respirar aires máis puros e estar máis cerca de Dios” (Masma; 1993: 273).

“Xa non era a peiloca encollida; era a criatura de Dios rexenerada polo amore” (Masma; 1993: 187).

Porén, a familia de *¡A Besta!* non só se conforma do novo matrimonio, senón que é unha unión máis ampla e esta unión non será arbitraria, posto que cada un dos integrantes terá un papel claro no proxecto familiar e social. Este reparto de roles fará que Pedro, o rapaz de orixe fidalga, sexa o dirixente da familia, posto que el é o ideólogo e o que inicia o proxecto grazas á súa achega económica. Pepiña, como muller e representante da clase popular, terá un papel claro como educadora dos novos integrantes da familia. Canto a Xan e a Ramona (o irmán e a cuñada de Pepiña), que tamén pertencen á clase labrega, teñen o rol de traballadores e sustentadores económicos do proxecto social. Por último, será unha figura chave don Juan, o crego, que exercerá o papel de guía espiritual do clan familiar. A constante presenza do crego deixa ben clara a importancia que o autor lle outorga á moral católica na novela e na totalidade da sociedade.

Do respecto á estrutura e ás regras dependerá o bo funcionamento da familia e a convivencia de todos os seus integrantes en harmonía.

En conclusión, esta familia será unha metonimia da sociedade ideal e da estabilidade do núcleo familiar dependerá a seguridade do proxecto social colectivo.

2.2. O proxecto económico en *¡A Besta!*

O proxecto económico que se perfila na novela vai ter como centro a casa, en concreto unha granxa modelo que se ha construír na comarca mindoniense do Cadramón. Neste sentido, a casa pretende ser un modelo de factoría agropecuaria con que proporcionar estabilidade económica á familia e á totalidade da comarca do Cadramón:

“Pensaba mercar unhas corenta fanegas de terra que mas dan baratas no Viveiró, na vertente do Xistral; pensaba alí facer unha granxa modelo, dedicada á cría de gando, pois alí hai montes de sobra pra pastar; pensaba axudar coa miña intelixencia e os poucos cartos que teño, a aqueles honrados veciños pra sacalos da esclavitú en que viven; darlles un par de horas de escola ó día ós pícaros, e Pepiña ás pícaras” (Masma; 1993: 241).

A casa é o núcleo sobre o que se desenvolve a vida familiar e, neste sentido, simboliza a totalidade da sociedade. Así pois, na novela de Xan de Masma a casa adquire un significado moi especial, pois é o lugar sobre o que se sitúa o proxecto social e económico no seu conxunto.

Por outro lado, o proxecto de construción da casa é outra maneira de unir as clases fidalgas coas clases populares, nunha sorte de comunidade modélica. Esta comunidade será a que o autor difunda na mensaxe final da súa obra, ao ser un fogar harmonioso e utópico.

Debemos constatar que o tema da granxa modelo foi o aspecto que suscitou máis polémica entre os estudosos que analizaron *¡A Besta!*. Mentres que para Carballo Calero (1975: 455) o autor recolle un “ensaio de redención dunha comarca rural a base de reformas técnico-económicas, culturás e sociás, co cal o libro se manifesta en fin como pertencente ao xénero das utopías”; para Modesto Hermida a mensaxe de Xan de Masma é outra:

“No capítulo noveno da segunda parte aparece, como comunicado positivo dirixido ó protagonista do redentorismo, unha epístola asinada por un sacerdote que é todo un canto ós principios socialistas [...]. Ten que procuralas fórmulas redentoristas nos principios organizativos e sociais do cooperativismo, que o levan, sen posibilidade de fuxida, a se achegar á ideoloxía socialista. En definitiva, trátase dun intento, máis ou menos brillante, de compaxina-lo capitalismo paternalista e socialmente avanzado cos novos principios ideolóxicos que guiarán, por moito tempo, o combate pola emancipación do proletariado” (Hermida; 1993: 19-20).

Na nosa opinión, semella errado falar de cooperativismo ou de socialismo cando o que se recolle na novela é un proxecto que segue a liña do catolicismo social e que se basea na encíclica *Rerum Novarum*, do papa León XIII. Neste sentido, a granxa modelo que se menciona na obra ten como fin a creación de “pequenas factorías artesanais de carácter agropecuario” (Maiz, 1983: 108), que son o proxecto máis axeitado para manter o sistema precapitalista gremial e os valores tradicionais morais e relixiosos.

Precisamente este sistema precapitalista gremial será o que se defenda, de maneira evidente, nas teorías do Rexionalismo tradicionalista que formulara Alfredo Brañas, en que se apoia a pequena industria rural orientada ao sector agropecuario e que mantén unha xerarquía moi similar á dos gremios medievais (non esquezamos que o exemplo de industria que Xan de Masma propón seguir é o da factoría de chocolates Mernier, en que os obreiros e os propietarios reparten as ganancias á metade).

Por tanto, consideramos que a ideoloxía que se quere transmitir na parte final da obra non é a socialista, senón a corrente de pensamento social-católica que apareceu en Europa a finais do século XIX como alternativa ao socialismo e como unha maneira de atraer á nacente clase proletaria cara ao catolicismo. Unha ideoloxía que, en Galiza, terá como principal defensor a Alfredo Brañas (que nas súas obras ataca, de maneira evidente e directa, tanto o capitalismo como o socialismo para defender un sistema económico moi próximo aos gremios medievais).

2.3. O proxecto político e ideolóxico en *¡A Besta!*

Xa mencionamos con anterioridade a existencia dunha lectura política e ideolóxica da novela que se basea na utilización moral e didáctica dos feitos históricos inmediatamente anteriores no tempo. Neste sentido, dous son os eixos sobre os que vai xirar esta lectura: o bipartidismo que impera no século XIX español e o carlismo.

O bipartidismo, é dicir, a dialéctica entre os partidos liberais e os absolutistas vai dominar a primeira parte da novela. Na obra, esta dicotomía personalízase a través das figuras de don Policarpio, o cacique liberal, e de don Félix, señor de Samarugo e representante da vertente conservadora.

Don Policarpio é a personaxe que dá nome á novela (a Besta) e vaise describir ao longo de toda a obra dunha maneira totalmente negativa, que chega en moitas ocasións ao improprio e ao insulto directo (cocho, porco, castrón, abobado ou Heleogáballo). Descríbese como un home desagradábel no aspecto físico e de escasa intelixencia mental.

Unha das escenas máis descritivas da novela ten lugar cando Policarpio intenta abusar da protagonista feminina, Pepiña. A través dos ollos inxenuos da rapaza podemos ver a vileza do cacique, que para Pepiña se simboliza nos cadros indecentes e sen pudor que decoran as paredes da casa do amo.

En contraposición a esta figura tiránica e repulsiva, Xan de Masma describe a don Félix como unha persoa nobre polos catro costados. O señor de Samarugo é definido como un home que non afoga aos seus arrendados, que coida do estado das súas propiedades, que trata aos labregos de igual a igual e que cumpre coas súas obrigas relixiosas. Se don Policarpio decora a súa casa con cadros eróticos, don Félix colga nas súas paredes retratos de santos e de Zumalacárregui.

Mediante estas dúas figuras, Xan de Masma vai atacar a ideoloxía liberal de maneira frontal, ao facela culpábel de feitos como a corrupción, a prevaricación, as eleccións amañadas, as levas militares inxustas, a guerra de Cuba ou a emigración a que son forzados os labregos galegos por non poderen pagar uns impostos abusivos.

O segundo dos elementos históricos que domina o discurso narrativo da novela é a continua defensa da ideoloxía carlista, que protagoniza a segunda parte da obra e que será defendido a través da presenza de personaxes que representan esta ideoloxía e que aparecen fondamente positivadas (Pedro, son Juan e don Félix).

O elemento carlista en *¿A Besta!* aparece como consecuencia, e en relación directa, coa biografía de Xan de Masma. Neste sentido, debemos lembrar que o autor foi redactor e colaborador en publicacións de marcada tendencia tradicionalista. Ademais deste labor profesional, Patricio Delgado levou a cabo unha defensa activa da causa e foi combatente na partida carlista mindoniense (polo que sería feito prisioneiro e enviado a Cuba como deportado).

Estes aspectos permítennos relacionar a Patricio Delgado con Pedro Delgorta, o protagonista da obra, un rapaz carlista e católico que se ve obrigado a participar de maneira directa na guerra carlista despois de observar as atrocidades cometidas polos presuntos defensores da liberdade.

Pedro inicia a súa contenda, que quedará recollida nun diario de guerra carlista. Neste diario, Pedro recolle a súa ideoloxía e as súas ilusións (que teñen como momento o álxido o seu encontro con don Carlos). Porén, a medida que avanza o diario imos comprobando como medra a súa desilusión e como se cuestiona a finalidade da súa loita.

A perda da guerra obriga a Pedro a regresar ao Cadramón, onde ha pór en práctica os seus proxectos familiares e económicos, uns proxectos en que terá continuamente presente a súa ideoloxía conservadora e carlista.

Neste punto podemos ver recollido, máis unha vez, o ideario de Alfredo Brañas. Neste sentido, o intelectual galego é un dos maiores representantes das tendencias políticas tradicionais e católicas. Para Brañas a presenza do catolicismo é fundamental para o bo funcionamento da sociedade (o antiliberalismo será produto da súa relixiosidade) e o seu catolicismo terá como base a formulación medieval e constituirase como a columna vertebral do seu pensamento.

Brañas elaborará unha proposta social que se baseará nas indicacións de León XIII e participará activamente en sociedades como o Ateneo León XIII ou o Círculo Católico de Obreiros

Por outro lado, ademais do antiliberalismo, Alfredo Brañas aproximouse ao carlismo nos últimos anos da súa vida. En 1898 aparecerán artigos seus no diario carlista *El Correo Español* que se dirixen a don Carlos e en que se decanta polos carlistas. Igualmente, no Congreso Católico de Burgos que ten lugar en 1899 a intervención de Brañas reafirmará a súa opción carlista. Esta intervención será o seu testamento político e ideolóxico, xa que o autor falecerá poucos meses despois da celebración deste acto público (en febreiro de 1900).

3. Conclusións

Logo de ter analizado con detalle *¡A Besta!* podemos concluír que as relacións entre a novela e as teorías do Rexionalismo tradicionalista de Alfredo Brañas son innegábeis.

Quer na novela, quer na obra de Brañas, tres son os piares sobre os que se asentará a sociedade galega:

- A familia: unha unidade que aglutina todas as clases sociais (fidalguía, campesiñado e clero), que han ter unha función determinada dentro da comunidade, e que se asenta na moral católica e na tradición.
- O gremio: esta organización servirá como imaxe da granxa modelo, ao respectar a orde social establecida e ao se basear na economía medieval (unha época continuamente evocada por Alfredo Brañas na súa obra).
- O Rexionalismo tradicionalista: a defensa desta ideoloxía suporá un ataque frontal ao liberalismo e ao sistema capitalista. Igualmente, o elemento católico estará continuamente presente na novela e haberá unha evidente aproximación

ao carlismo (unha aproximación que tamén se produciu nos últimos anos da vida de Brañas e que se viu truncada pola súa morte).

En conclusión, *¡A Besta!* de Xan de Masma recolle literariamente as teorías sociais, económicas, políticas e ideolóxicas de Alfredo Brañas cunha clara finalidade didáctica e moralizante, unha finalidade que non é outra que “co bon do pasado e o bon do presente quería reconstruír España” (Masma; 1993: 179).

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS:

- ALONSO MONTERO, X. (1977), “Pra unha biografía de Xan da Masma”, en *Lengua, literatura e sociedade en Galicia*, páxs. 132-134, Akal Editor, Madrid.
- ANDERSON, B. (1983), *Imagined communities: reflections on the origin and spread of nationalism*, Verso, London.
- BARREIRO FERNÁNDEZ, J. R. (1976), *El Carlismo Gallego*, Editorial Pico Sagro, Santiago.
- BERAMENDI, J. (1987), “Incidencia ideolóxica del neocarlismo y del socialcatolicismo en el regionalismo gallego terminal (1907-1916)”, en *Jubilatio. Homenaje de la Facultad de Geografía e Historia a los profesores D. Manuel Lucas Álvarez y D. Ángel Rodríguez González*, Universidade de Santiago, Santiago de Compostela.
- BERAMENDI, J. (1995), *O nacionalismo galego*, Edicións A Nosa Terra, Vigo.
- BERAMENDI, J. (2007), *De provincia a nación. Historia do galeguismo político*, Xerais, Vigo.
- CARBALLO CALERO, R. (1975), *Historia da literatura galega contemporánea*, Galaxia, Vigo.
- FERNÁNDEZ PÉREZ-SANJULIÁN, C. (2003), *A construción nacional no discurso literario de Ramón Otero Pedrayo*, Edicións A Nosa Terra, Vigo.
- FERNÁNDEZ PRIETO, C. (2003), *Historia y novela: poética de la novela histórica*, Eunsa, Barañáin (Navarra).
- FERRERAS, J. I. (1980), *Fundamentos de sociología de la literatura*, Ediciones Cátedra, Madrid.
- HERMIDA GARCÍA, M. (1993), “Noticia sobre *¡A Besta!*”, en MASMA, X. de, *¡A Besta!*, ed. de C. Hermida e de M. Hermida, Galaxia, Vigo.
- HERMIDA GARCÍA, M. (1995), *Narrativa galega: tempo do Rexurdimento*, Xerais, Vigo.
- LUKÁCS, G. (1966), *La novela histórica*, Ediciones Era, México.
- MAIZ, R. (1983), *Alfredo Brañas. O ideario do rexionalismo católico-tradicionalista*, Galaxia, Vigo.
- MARTÍNEZ LÓPEZ, A. (1987), *O agrarismo católico en Galiza. 1903-1943*, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela.
- MASMA, X. de (1993), *¡A Besta!*, ed. de C. Hermida e de M. Hermida, Galaxia, Vigo.
- RAMIL DÍAZ, A. (1998), “Aproximación á obra narrativa de Xan de Masma”, *Revista Monfadal*, núm. 1, Mondoñedo.

RUÍZ LEIVAS, X. (2000), “Os carlistas mindonienses”, *Revista Monfadal*, núm. 2, Mondoñedo.
TARRÍO VARELA, A. (1994), *Literatura galega. Aportacións a unha Historia crítica*, Xerais, Vigo.
VV. AA. (1996-1998), *Historia da literatura galega*, AS-PG / A Nosa Terra, Vigo.